

**D**espois de *Crear o mar en Compostela*, premio de poesía "O Grelo" 1993, Marta Dacosta achéganos este novo traballo, desta vez gañador do Premio de Poesía Miguel González Garcés. Mantén a autora viguesa neste novo libro as liñas estéticas xerais do anterior: formas de versificación clásicas, coidadoso traballo metafórico. O que, dalgunha maneira, cambia neste caso, son os intereses temáticos. A preocupación pola infancia plasmada na necesidade do mar cede espazo a outros temas. Este é un libro moito máis intimista, é unha procura do eu que se agacha debaixo desta "pel de ameixa". A falta dun concepto literario máis preciso, a crítica poética recorre á fórmula "eu poético" para distinguir a primeira persoa do poema do autor, de xeito semellante ó concepto de "narrador". De todos os xeitos coido que, neste caso, podemos falar abertamente do autor, e asumismos, o riscos respaldándonos no epígrafe de X. L. Méndez Ferrín que abre o libro, e que comeza, ostensiblemente: "Veleiqué o poeta".

A partir deste preámbulo o libro permitíranos mergullarnos no eu da poeta, dunha poeta que, sen perder a conciencia das súas "obrigas" históricas, é fondamente contemporánea. Hai aquí amosas da máis pura poesía combativa inserta nunha actualísima poética do cotián, da sinxeleza/complexidade da rúa e da caza. A poeta é consciente disto e enuncia: "os versos que me nacen/son fillos do presente e tamén do pasado".

Descubro na lectura unha especie de grabación: no comezo os textos son fortemente intimistas, e teñen co-

## Pel de Ameixa

mo lóstregos de erotismo; recorre a autora ó catálogo froital do xénero que xa vén co título "pel de ameixa" e segue "deixo de ser muller para ser froitia/ que sacia a túa sede de mil anos". Pero logo os versos perderán ese cariz amoroso na procura doutros campos semánticos. É que a poeta comenza a tomar conciencia da imposibilidade da felicidade ("as rosas murcharon e xa/ non son posibles"), toma conciencia da dor personal e social. Mais non vai caer neses lugares comúns tan frecuentes da poesía política. A dor "social" desta voz é metafórica, reflexo interior. É o lamento sincero polas loitas perdidas, e, ó mesmo tempo, non é unha voz resignada. Todo isto pode parecer contradictorio pero alí é onde está un dos grandes virtuosismos do libro. Chega para explicar isto con remiños ó texto da p. 18.

Quero chamar a atención tamén sobre un texto que escapa un pouco a toda esta problemática, aínda que, dalgún xeito, queda integrado neste proceso poético de aprofundar no ser que está debaixo desa pel de ameixa. Refírome ó texto do instante e, ó mesmo tempo, a felici-

dade desta carencia vital. "Veleiqué o poeta" na súa fase máis estética, meta-creativa.

Dalgunha maneira a poeta via procurar a paz interior sen renunciar á loita exterior. É un espírito en crise, contradictorio. Por momentos aparece reivindicador do combate e logo ansía recollerse na intimidade silenciosa. Parece que procura o silencio, pero non a costa de abandonar a loita. Estamos diante dunha poeta combativa, máis non debe isto facernos pensar nun héroe épico. O combate desta voz poética é o de todos os días; exemplos sobranceiros distos son os textos de pp. 35 ou 42.

Fixen referencia no comenzo ó recurso ás formas da versificación clásica. O libro está construído case totalmente por endecasílabos e alexandrinos, expresos ou aparentemente ocultos ("un tempo que se queda/ e se vai/ e non volve"). Incluso no texto da p. 43 recorre a fórmulas de construción propias da nosa poesía medieval.

E avanza o libro, e vaise facendo máis e máis dorido. Lembrárase o sangue derramado, perderanse unha e mil batallas. A pouco da fin declarará a poeta a morte da poesía e rematará cun texto ben breve no que reclama aire, espazo, poesía, mesmo tempo, tempo vital.

Un par de liñas para a edición, moi coidadas, feita con bo gusto, que ven a completar unha colección que xa via tomando forma.

Un libro, en síntese, cheo de bos recursos, cheo de sinceridade, expresivo, combativo, e en máxica parella, dun grande intimismo. Debo recoñecer que antes de ler este libro empezaba a rexeitar por sistema os libros premiados. Vaia, pos, o mérito para a autora e para o xurado.

Dacosta, Marta, *Pel de Ameixa*,  
Ed. Deputación da Coruña, 1996.